



TERCEIRA EDICIÓN

POSTAIS DE NADAL



ASPERGA
ASOCIACIÓN GALEGA DE ASPERGER

B A S E S

Terceiro Concurso de Postais de Nadal de ASPERGA 2024

O III Concurso de Postais de Nadal é unha iniciativa de ASPERGA que nace co obxectivo de fomentar e apoiar a creatividade artística das persoas socias e usuarias como forma de comunicarse e expresarse. Ademais, grazas a colaboración das familias, queremos mostrar a gran riqueza e diversidade de quenenes integran esta asociación.

Todas as obras presentadas, formarán parte dunha exposición temporal en ASPERGA, sendo empregadas pola asociación como felicitación de nadal aquelas que resulten gañadoras.



PARTICIPANTES

Todas aquelas persoas socias ou usuarias de ASPERGA.

Diferenciaranse 3 categorías:

- Categoría mini: **de 3 anos a 7 anos.**
- Categoría promesa: **de 8 anos a 13 anos.**
- Categoría xuvenil: **a partir de 14 anos.**



FORMATO DA POSTAL

As obras deben ser inéditas e realizadas polas persoas participantes:

- Temática relacionada co Nadal.
- Formato papel ou cartulina.
- **Un único traballo por concursante.**
- Técnica libre en formato máximo DIN-A4 (tamaño folio).
- Poderán realizarse tanto en sentido vertical como horizontal.
- **No deberán ir firmadas en ningún lugar.**
- **Non está permitido o uso de Intelixencia Artificial (IA) de ningún tipo.**



PRESENTACIÓN

- A data límite para inscribirse na actividade será **antes das 20.00 horas do xoves 12 de decembro**.
- As obras deberánse presentar **antes das 20.00 horas do xoves 12 de decembro** de 2024, no centro de **A Coruña** ou **Santiago de Compostela**.
- Os traballos presentados entregaranse nun sobre pechado.
 - Dentro do sobre deberá ir:
 - O debuxo/ilustración da persoa participante.
 - A folla de inscrición, que se entregará en ASPERGA cumprimentada e firmada; e a autorización de expoñela.
 - Por fora do sobre deberá ir:
 - O nome do concurso "III CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL DE ASPERGA"
 - Un **pseudónimo** do/a autor/a.



XURADO

- O xurado elixirá a 3 finalistas por categoría, os cales recibirán un premio e un diploma o día da entrega dos galardóns.
- O xurado elixirá entre os finalistas, unha postal gañadora por cada categoría, as cales serán empregadas como felicitación de nadal por parte de ASPERGA.
- Valorarase para a elección das postais a orixinalidade, a creatividade e a técnica empregada.
- O xurado estará composto por dous profesionais do equipo técnico de ASPERGA, un membro da Xunta Directiva da asociación e unha persoa do ámbito artístico.
- Este xurado estará formado por persoas diferentes en A Coruña e en Santiago de Compostela.
- O veredicto do xurado farase público o luns 16 de decembro, a través das redes sociais de ASPERGA e notificarase aos gañadores por correo electrónico e teléfono.



EXPOSICIÓN DOS TRABALLOS

Todas as postais presentadas ao concurso **serán expostas** nas sedes de ASPERGA, tanto en **A Coruña** como en **Santiago de Compostela** (dependendo de en que sede se presente a participación) dende o **luns 16 de decembro de 2024 ata o venres 10 de xaneiro de 2025**, sempre e cando o centro esté aberto.



INSCRICIÓN E PREMIOS

FOLLA DE INSCRICIÓN PARA O CONCURSO

Poderase cubrir e entregar con data máxima do venres 6 de decembro.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios realizarase de forma presencial e simultánea tanto nas **sedes de ASPERGA na Coruña e en Santiago de Compostela**, o **venres 20 de decembro, as 17.00 horas**.

ACEPTACIÓN DAS BASES DO CONCURSO

- Os participantes **ceden e transmiten, en exclusiva e de forma gratuita**, a ASPERGA, a cal acepta expresamente, os dereitos de explotación da **OBRA**.
- Os **dereitos de explotación** que comprende a cesión son os dereitos de **reproducción, distribución, comunicación pública e transformación da OBRA**.
- Os participantes **ceden**, ademáis, a ASPERGA, a obra para a **realización de exposicións, subastas, ou calquera outra acción que a asociación considere para divugación da acción da asociación e a captación de fondos**.

E en proba de conformidade e aceptación, as persoas participantes **ACEPTAN** estas bases.